

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Solicitud do grupo municipal do PP ao abeiro do artigo 46.2.a) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.»
Data	5 de outubro de 2021
Duración	Desde as 9:36 ata as 10:32 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	NON
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez		SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sra. Alcadesa: Bo día a todas e a todos comezamos a sesión extraordinaria motivada pola solicitude do Grupo Municipal do Partido Popular a abeiro do artigo 46.2.a da Lei Regulada das Bases de Réxime Local.

A) PARTE RESOLUTIVA

Inicio dos trámites para a modificación da da Ordenanza Fiscal nº 21 reguladora do IBI.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 4, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Davila: Bos días a todos os membros da Corporación tamén aos veciños que nos estean vendo en directo e aos que o fagan cando así o consideren a través das diferentes redes sociais e do canal de youtube.

Estamos nun terceiro pleno extraordinario que solicita este Grupo maioritario da Corporación, dada a situación, como vostedes saben, do catastrazo iniciado a principios deste ano e despois de dunha serie de iniciativas que trouxemos a este pleno en diferentes formatos, a través de moción e tamén a través dos plenos extraordinarios, nos vimos na obriga de esgotar este último pleno extraordinario que como Grupo maioritario podemos solicitar durante un ano e aquí estamos debatendo, como digo, terceiro pleno extraordinario que solicita o Grupo Popular de Salceda de Caselas. No día de hoxe o que propoñemos entre outras cuestións é que se bonifique aos núcleos rurais, é dicir, ás parroquias do noso Concello, un 10% a maiores no recibo da urbana para o ano que ben e sucesivos dado que dende este Grupo consideramos que os servizos tal e como recoñece e tal como ben a diario os veciños que viven meses núcleos rurais, os servizos que presta o Concello non son os mesmos que os que presta para o núcleo urbano e polo tanto en aras de, primeiro, compensar ese déficit de servizos e tamén en aras de compensar que si a xente, a poboación dos núcleos rurais polo tanto no medio natural entre outra moitas cousas conservar o que agora tan de moda está e que sempre tivo que estar e que nós defendemos, por suposto que si, pois que é o medio rural, o medio natural, a economía sostible, todo isto que nos últimos anos se esta debatendo e esta enriba da



mesa todas estas cuestións, pois nós dende aquí facemos outra proposta en aras de facilitar, axudar e fomentar que os veciños que vivan no medio rural vexan compensando ese déficit de servizos municipais que o Concello non presta nese territorio.

Quero dicir tamén que unha vez máis solicitamos este pleno que se celebre en horario de tarde, en horario de 20:30 horas da tarde para que os veciños puideran asistir e tamén que fose no auditorio municipal, unha vez máis o goberno e a Alcaldesa na cabeza, denegaron esta petición que fixemos formalmente por escrito dende fai varios días, concretamente o 15 de setembro e en consecuencia non podemos estar no día de hoxe as 20:30 horas da tarde debatendo no auditorio coas portas abertas para que todos os veciños puidesen presenciar e vivir o debate en directo dos diferentes grupos que conformamos esta Corporación Municipal. Lamentamos unha vez máis que non se atenda a petición deste Grupo en canto a esa proposta, xa digo, a terceira vez que rexeitan esta iniciativa, os que din ser transparentes e participación veciñal, ben que a impiden.

Por certo, nos últimos días se celebrou no auditorio unha reunión con colectivos para presentar por parte do Goberno a proposta de participación veciñal, nos aplaudimos que como quedou claro e manifestou nese pleno no que se aprobou hai moitas carencias que o tempo demostrará o que nos dicíamos por aquel entón, ao que me refiro e que efectivamente para que as persoas poidan asistir e compatibilizar o seu traballo con representara a diferentes colectivos ten que ser un horario que permita asistir, esa reunión se celebrou en horario de tarde e por iso assistiu moita xente, que nós aplaudimos e recoñecemos a labor que están facendo os diferentes colectivos, por iso mesmo solicitábamnos nos tamén o pleno pola tarde para que os veciños poidan participar, pero non, a Sra. Alcaldesa di que non.

O motivo, como digo deste pleno, é seguir debatendo melloras na ordenanza municipal que regula o imposto de bens inmobles, a urbana, en aras de seguir beneficiando, axudando aos veciños máis desfavorecidos e tamén, neste caso, os que viven nas nosas parroquias, nos nosos barrios, en definitiva no entorno natural. Quero recordar que este grupo leva tempo, non meses senón algúns anos, solicitando a modificación da ordenanza que nos ocupa e nos preocupa no respecto ao tipo a aplicar e tamén nos beneficios fiscais para que os nosos veciños vexan compensado, poida ver reflexado nos recibos esas minoración e sobre todo vexan que se lle aplica con coherencia o imposto con respecto a outros veciños. Quero recordar que xa no ano 2018 iniciamos unha batería de medidas ao respecto no pleno e a maioría delas foi rexeitada. Dende o ano 2010 e ano 2020 o incremento da urbana os veciños de Salceda no seu conxunto a todos eles incrementouse nun 42%, moitos destes incrementos, practicamente a maioría, foron a petición do anterior Alcalde e Alcaldesa, e a actual Alcaldesa de momento non o solicitou porque por desgracia viu este catastrazo que é a petición da revisión do incremento dos valores a aplicar dos coeficientes a aplicar nos sucesivos anos, hai escritos que así o demostran,



como o anterior Alcalde e a anterior Alcaldesa, Dolores Castiñeira, solicitan ao Catastro a aplicación para o ano 2020, neste caso, o aumento dese 3%. Nese momento este grupo xa planteou ao pleno unha modificación do tipo a aplicar do 0,5 ao 0,48% para compensar ese aumento do 3%, nese momento o goberno rexeitou esa moción que nós presentamos a pleno e iso o que significaría era compensar efectivamente ese incremento e quedar equilibrado outra vez o que os veciños tiñan que pagar. Vostedes o rexeitaron, e non é solo que o rexeitaron se non que ao longo destes meses onde vimos este verdadeiro abusivo e inxusto catastrazo non presentaron ningún recurso contra o mesmo como temos dito en diferentes plenos, nin un só papel, nin unha soa alegación, nin unha soa reclamación etc... e cando un non fai nada diso se demostra que un está de acordo co que aquí se pretende perpetrar e que xa desgraciadamente moitos veciños están a sufrir e ven como teñen que pagar este aumento deste catastrazo.

Trouxemos unha moción no pleno do 25 de outubro do ano 2019 vostedes votaron en contra, dixeron non a rebaixa do tipo impositivo, pedimos un pleno extraordinario despois desa negativa, foi celebrado o 11 de novembro do ano 2019, aprobamos por unanimidade esa modificación da ordenanza para baixar o tipo do 0,5 ao 0,48, un pleno extraordinario que nós solicitamos e que neste caso tivo o apoio do goberno municipal, a sorpresa e o lamentable é que unha aprobación unánime e contundente desta Corporación non foi vista reflectida na rebaixa porque o Goberno non iniciou o expediente para modificar a ordenanza do IBI do 0,5 ao 0,48 a día de hoxe esa aprobación de pleno non se executou, non se realizou, vostedes a meteron nun caixón e non executaron esa modificación do ano 2019 tal como solicitamos nós e tal como aprobamos unanimemente por todos os aquí presentes e os compañeiros, Ana Cristina e Primitivo, que desculpo no día de hoxe, se vostedes levaran a cabo esa modificación que aprobamos, insisto, todos, o que sucedería é que no ano 2020 e neste ano 2021 os nosos veciños pagarían polo tipo 0,48 e non polo 0,50, iso é un 3% menos do que están pagando actualmente e iso cos atrasos que se lles está aplicando ata o ano 2018 por este catastrazo significaría que no ano 2018, 2019 e 2020 eses atrasos se lles aplicarían o 0,48 e non o 0,50 a maiores do recibo do propio ano 2020 e do propio ano 2021. O resultado é que economicamente moitos veciños que o están pasando mal verían diminuída esa carga impositiva dunha maneira, non importantísima pero si significativa e axudaría cando menos a paliar esta situación. Como digo, lamentamos que esa aprobación unánime da Corporación non se executase e non se levase a cabo.

Trouxemos outra moción no ano 2020, outra moción ao pleno xa que vimos que vostedes non iniciaran ese expediente e como vimos que vostedes gardaban no caixón ese acordo plenario, non daban cumprimento ao mesmo, este grupo trouxo ao pleno en agosto do ano 2020 outra moción para insistir no mesmo, redución do tipo do IBI no ano 2021 e polo tanto na rebaixa da urbana aos nosos veciños, vostedes votaron non, dixeron non, aí están os documentos oficiais e as actas dos plenos e os acordos dos mesmos que abalan o que estamos dicindo. A día de hoxe



temos en vigor a ordenanza o 0,5 por ese os recibos veñen con ese tipo impositivo a aplicar e tamén así os recibos dos atrasos dos anos 2018, 2019 e 2020, pedimos este pleno extraordinario o día 15 de setembro, é dicir fai vinte días, como ben saben todos os veciños fai uns días, concretamente o 30 deste mes pasado, se celebrou un pleno extraordinario que convocou a Sra. Alcaldesa, ese pleno extraordinario iniciou o 22 de setembro, é dicir, sete días despois de que nós solicitáramos este pleno extraordinario, inicia o expediente o 22, convoca a comisión para o día 27 e celébrase o pleno o día 30, resúmen en oito días a Sra. Alcaldesa e o seu goberno inicia o expediente e convoca o pleno, oito días, sen embargo a petición deste grupo maioritario solicitádba, como digo o 15 de setembro, estamos a celebrala o 5 de outubro, en resúmen 20 días despois, porqué? Pois cada un terá unha resposta a realidade é a que é, 8 días o goberno municipal, 15 días para a celebración dun pleno solicitado por este grupo maioritario, nese pleno extraordinario celebrado fai uns días aprobamos unanimemente, é así o recolle a intervención da Sra. Alcaldesa, o cal lle agradezo, que cando estamos de acordo en algo e que cando é algo positivo para os veciños e cando o sentido común impera e cando a sensatez e cando estamos de acordo en axudar os veciños se recollen propostas, sexan un grupo ou sexan doutro nese caso a Sra. Alcaldesa recoñeceu a proposta dos 7 € dos recibos de que non se emitisen a cobro foi unha proposta deste grupo que o goberno recolleu, quero dicir, que todas e cada unha das iniciativas que trae este grupo si non ten o apoio do goberno loxicamente non saen adiante. Sete votos contra seis votos polo tanto a democracia se respecta no sentido dos acordos plenarios en todos os sentidos. Cando acordamos iniciar un expediente para baixarlle o tipo impositivo aos veciños o goberno ten que acatalo e cumprilo, cousa que non fixo, e tamén cando acordamos deixar sen efecto recibos de 7€ ou de menor importe, polo tanto en ambas as dúas cuestións o goberno tiña que respectar o acordo plenario, e nos dous casos, unanimemente.

Nese pleno celebrado hai uns días aprobábase deixar sen efecto os recibos deses 7€ ou menos, pero nos metemos unha emenda a ese acordo plenario, quero recordar aquí que quedaron sen efecto os coeficientes redutores das letras “B” e “D” e iso o goberno non o tivo en conta e polo tanto vai ter consecuencias no futuro próximo aos veciños que teñan esas propiedades en un desmonte excesivo, é dicir, en socalcos ou desnivel insalvables para construír e tamén aquelas parcelas que non teñan un mínimo de ancho a camiño público de 7,5 m de lonxitude, e vaise a ver os veciños na tesitura de que van a ter que pagar a urbana de propiedades onde cumprindo estes dous requisitos, vostedes ao non incluílos na ordenanza municipal lle van a aplicar o cobro da urbana. Creemos que é inxusto, que non é sensato, que non é serio e que temos tempo suficiente para rectificar de aquí ao 31 de decembro para incluír esas dúas cuestións e así beneficiar a todos os veciños.

Termino solicitando o apoio ao pleno para que acordemos aprobar as dúas propostas, unha delas xa aprobada no pleno anterior polo tanto vai entrar xa en vigor, e a outra cuestión que ao amparo do artigo 74. do TRLRFL, aplicárase unha

bonificación do 10% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados en zonas do municipio que conforme o planeamento urbanístico, estean catalogadas como solo non urbanizable de núcleo rural, a presente bonificación aplicarase de oficio, por certo que ó que se aprobou no pleno anterior non se vai a aplicar de oficio e que como falamos nese día teñen que ser os veciños os que ano a ano os que soliciten esa bonificación.

Sra. Pereira González: Bo día a todos, a Corporación e tamén á veciñanza que unha vez máis nos está vendo a través das pantallas.

Hai cinco días reuniámonos neste salón de plenos para aprobar a Conta Xeral do ano 2020 e tamén para aprobar unhas bonificación no imposto de bens inmobles, que trataban, que buscaban paliar as consecuencias inxustas que tivo o proceso simplificado do valor catastral en moitos casos no Concello de Salceda, unha proposta de bonificación que é a maior da historia do Concello, unhas bonificacións que vai a dar cabida a máis de 10.000 parcelas que se atopan en algún dos dous criterios propostos polo goberno e que ademais xunto coa exención dos 7€ fará que moito dos agraviados este ano o próximo ano non teñan que pagar sequera nada. O de este ano xa saben que é irreversible, a Xerencia de Catastro nos comunicou o inicio deste procedemento o 3 de febreiro, dende ese momento anunciamos que se levarían a cabo cinco medidas unhas de carácter inmediato e outras como as fiscais, que como xa sabemos non son posibles no mesmo ano teñen que ser para o seguinte para o 2022. As cinco medidas se levaron acabo, as dúas últimas a modificación da ordenanza fiscal, unha para baixar o tipo impositivo ao mínimo legal establecendo no 0,4 con informe desfavorable de intervención, outra delas das bonificación e exencións, bonificación do 90% para as parcelas que non teñen ou superficie mínima para construír ou que non teñen acceso por camiño con informe desfavorables de intervención, de tesourería e do propio ORAL por ser demasiado xeneralistas, por non definir zonas, por non concretar, mesmo asíi nos decidimos estar do lado da veciñanza, asumir eses informes e asumir o traballo, porque o ORAL, xa o falamos no pleno pasado, nos respondeu que estas bonificacións non as vai a aplicar, a non ser que sexa o Concello quen faga o traballo e lle pase o resume final. Insisto, asumimos o risco e asumimos o traballo e a xestión para rebaixar a carga fiscal engadida a este ano e con eses antecedentes chegamos a este pleno.

De todos os bandazos do Partido Popular este non sei moi ben por onde collelo. Primeiro solicitaron a moratoria, de seguido a paralización, despois quitarlle a categoría de urbanos aos solos de núcleos rural, agora a bonificación do 10% para os núcleos rurais. Non sei ben si o argumentario é a xustificación desta subida en relación co proceso simplificado de valoración catastral ou con outras cuestións. Como estaba agora expoñendo o portavoz do Partido Popular relacionadas coa potenciación do medio rural e do medio ambiente. Creo que xa o explicamos no pleno pasado, as bonificacións son unha excepción, son unha excepción á regra xeral que é pagar o 100% do que como corresponde, e como excepcións que son teñen



que ter un fundamento, teñen que ter un argumentario como pode ser o caso de familias numerosas, como pode ser que a vivenda teña determinadas características ou como son as que aprobamos no pasado pleno, que a parcela non conte coa superficie mínima ou que a parcela non teña acceso rodado, que non reúna as condición mínimas de edificabilidade a pesar de estar situada nunha zona urbana, porque núcleo rural e un tipo de solo urbano. Repito novamente, neses casos enténdese que se produce unha situación inxusta porque se está pagando por algo e con un valor que realmente non o é, pero unha bonificación xeral do 10% para todo o tipo de inmovible, sexa finca só, finca con construción, iso de verdade é o que pretenden? Cal é o criterio? cal é o argumento para aplicar esas bonificacións? En realidade o que parece que están intentando facer é burlar a lei. Cando se nos di que o tipo mínimo está establecido no 0,4 e o que pretenden facer con esta bonificación baixar un pouquiño o importe a pagar porque é unha bonificación xeral, si en Salceda houberse núcleos rurais definidos, pequenos, espallados polas parroquias podería darse esa característica pero e que núcleo rural en Salceda é todo o que non é casco urbano, estamos falando da totalidade, de verdade que non encontro ningún argumento para xustificar unha bonificación deste tipo, porque pensei que a xustificación era que o imposto subira ou que o recibo subira a consecuencia do proceso simplificado do valor catastral, que entendo que esa é a xustificación pero é que esa non é un argumento para unha bonificación, como a consecuencia dun proceso que a Dirección Xeral de Catastro nos impón nós bonificamos para que non teña efecto esa revisión catastral, hai que quitar as cousas que son inxustas, pero o que si é urbano o que si ten construción perdóeme pero no ten fundamento a aplicar unha bonificación.

Este é o terceiro pleno que solicita o Partido Popular para debater cuestións relacionadas coas consecuencias do procedemento simplificado de valoración catastral este é o pleno número 14 e creo que a excepción do primeiro en todos os plenos debatemos as consecuencias do procedemento simplificado de valoración catastral, creo que está xa practicamente todo dito e que pola nosa están postas en marcha as cinco medidas e como digo a última delas a bonificación que vai a dar cabida a máis de 10.000 parcelas é unha bonificación que soluciona en moi boa parte o impacto deste procedemento.

Sra. Alcaldesa: Voume sumar en case toda a exposición que fixo a compañeira Lucía. Levamos catorce plenos este ano e en todos dende o 2 de febreiro se falou do IBI, xa ben fose en plenos extraordinarios ou ben pedidos para falar do IBI ou en preguntas ou mocións en plenos ordinarios, co cal creo que é un tema que está suficientemente debatido.

En canto a que os plenos teñen que ser no auditorio, aqueles que ao Partido Popular lles interesa facer no auditorio quero lembrar a toda a veciñanza que nunca se fixo plenos no auditorio salvo plenos de investidura e en ningún caso tratando ningún tema, salvo os plenos de investidura dende o ano 2007. Tamén me gustaría recordar



que ata esta lexislatura os plenos non se retransmitían en directo, co cal aos plenos solo asistían aquelas 15, 20 persoas que collían no salón de plenos. Eu creo que se garantiza a transparencia, a difusión, o acceso a información e todo o demais coa transmisión en directo, que ademais se non se accede neste momento se pode acceder en calquera momento, calquera persoa e dende calquera lugar. Tamén me gustaría lembrar os custos que supoñen nos recursos do Concello a celebración de plenos extraordinarios que entendo que moitas veces son necesarios, entendo que a actividade plenaria se ten que dar, pero tamén entendo que non se pode estar pedindo plenos extraordinarios sobre o mesmo tema continuamente. Plenos extraordinarios que en algún caso trae proposición tan disparadas, tan faltas de credibilidade, como retirar as condicións de urbano aalgúns terreos porque o Partido Popular así o decida. Eu creo que a pesar de tantos plenos segue habendo conceptos que non se entenden. Para empezar, un simple exemplo é o que pon a propia proposta que di *“que zonas do municipio conforme ao planeamento urbanístico estean catalogadas”*. Os terreos e parcelas están cualificadas, non están nunca catalogadas, iso son bens patrimoniais, catálogos do que queiras. Creo que volvemos a mesmo, a veces a falta de coñecemento nos fai ser un pouco atrevidos e atrevidas. Dito isto tamén teño que dicir e informar que a pesar de que se pediron un montón de plenos extraordinarios eu teño que dicir que nin extraordinarios celebrados pola mañá, nin ordinarios celebrados pola tarde se celebrou ningún pleno completo por os trece membros da Corporación faltaban membros do Partido Popular dende que eu ostento a Alcaldía. Quero dicir que tamén si se solicitan plenos se debería asistir, e non estou falando solo dos plenos extraordinarios, sei que todos nalgún momento dado temos algunha obrigaón ou algunha cuestión de saúde ou de calquera outra índole que nos pode facer faltar a un pleno, pero é verdade que boto de menos aqueles plenos de trece Concelleiros que se celebraban antes de que esta persoa ostentase a Alcaldía.

Falando xa do IBI, insisten vostedes de novo en que o Concello, o equipo de goberno, non quería apoiar á veciñanza porque non puxemos ningún recurso ou reclamación a este procedemento simplificado, despois demostrouse en outros Concellos que lle dixeron que non, que é un proceso irreversible. Non quero volver a repetir o mesmo pero eu faría unha reflexión, hai un imposto, imposto de bens inmobles que está baseado nunha lei e non se poden aplicar as bonificacións en xeral a todas as parcelas porque se non o que estaríamos facendo é retirando un imposto, non temos dende logo, o Concello, competencias para anular ou eliminar ningún imposto, a min gustaríame preguntarlle ao Partido Popular si coñece algún Concello no que se haxa bonificado algún tipo de parcela como as nosas que son unhas condicións inxustas que sempre falamos dende un principio, un Concello no que se teña bonificado nun 90% as parcelas que non daban a superficie mínima ou que tiñan edificabilidade temporal, si coñece algún Concello que se teña feito. Este equipo de goberno si o trouxo e si se aprobou en pleno, o digo porque parece que este equipo de goberno leva dende febreiro cos brazos cruzados e sen facer nada do IBI, e volvo a recordar todo o que fixemos neste procedemento: oficina de información, non só nun



primeiro momento do procedemento simplificado senón que volvemos a retomar no verán, aprazamento dos recibos atrasados para pagar un recibo actual e un do ano atrasado para non pagar todos os atrasos xuntos, diminución do tipo impositivo do 0,5 ao 0,4; exención dos recibos menos a 7€ e o 90% de bonificación naquelas parcelas que teñan edificabilidade temporal ou son parcelas de menos de 450 m2. Creo que este equipo de goberno fixo o seu traballo, que este equipo de traballo estivo ao lado das persoas en todo momento, hai uns trámites que levan menos tempo e outros que levan máis pero creo que agora xa todo este tema estasevolvendo incluso algo subrealista, porque entre o 90% das bonificación máis o 10% que se pide agora de bonificación na cota íntegra das parcelas non urbanizables de núcleo rural, o solo non urbanizable de núcleo rural en Salceda é todo menos o urbano e as bonificacións non se poden aplicar a todas as persoas nin a todas as parcelas, nin a todos os inmobles. As bonificacións son cuestións extraordinarias e mesmo así este equipo de goberno trouxo o 90% das bonificacións en dúas cuestións moi importantes como dicía antes, que non chega a parcela mínima ou teñen edificabilidade temporal, iso supón actuar sobre 10.000 parcelas. Creo que hai que ser realistas, creo que hai que ser leais ao equipo de goberno e leais á veciñanza, somos unha Corporación municipal, que eu entendo sería, de tres grupos, co cal creo que iso é importante telo en conta. Volvo a repetir, busquen calquera sitio que queira, faga as revisións que queira coas ordenanzas municipais do IBI doutros Concellos, a ver se atopa unhas bonificacións como as que acaba de aprobar este pleno o pasado 30 de setembro, por certo, pleno que se celebrou o 30 de setembro porque había que aprobar a Conta Xeral en prazo.

Sr. Rodríguez Davila: Lealdade co equipo de goberno por suposto que si Sra. Alcadesa, na pandemia así o demostramos pero lealdade cos veciños no catastrazo non co goberno.

Di vostede que os plenos non se celebraron no auditorio, efectivamente, pero había pandemia ata fai ano e pico? Por qué o auditorio? O Auditorio é para cumprir coas normas sanitarias e para que puideran participar os veciños, iso que a vostede lle gusta, participación. Vostedes din non á participación efectiva dos veciños, á asistencia aos plenos. Vostedes din non e polo tanto vostedes se retratan. Di vostede que hai compañeiros deste grupo que non asisten ao pleno, efectivamente e todos e cada un deles xustificado, os que faltaron pola tarde foi pola reacción dunha vacina, tema persoal, por ser nai tema persoal e polas mañás xa quedou máis que demostrado e dito o porqué o que non podemos é facer un pleno ás 9 da mañá cando hai persoas que empezan a traballar ás 8 da mañá lonxe de aquí e non van vir a propósito a un pleno municipal polo horario e pola distancia do seu posto de traballo. Efectivamente que a Lei o ampara pero a situación é a que é, e polo tanto estamos suficientemente capacitados todos os membros deste grupo maioritario e tamén os diferentes compañeiros nas nosas intervencións para defender a postura común de todos e cada un dos concelleiros que representamos ao Grupo Popular, e esa é a preocupación do goberno? A preocupación do goberno ten que ser a de resolverlle os



problemas aos veciños e non meterse en asuntos internos dos grupos municipais. Vostedes dedíquense a xestionar os recursos públicos con eficacia, dicir aquí do coste que supón estes plenos cando temos o goberno máis caro da historia, o máis caro incluso que co anterior Alcalde, o máis caro de Galicia tendo en conta o presuposto e os veciños que xestiona, máis caro que Concellos como de Tui etc... un pouco máis de ética e de seriedade.

Di a Sra. Concelleira que hai que ter un motivo para facer unhas bonificacións e ten que ser unha excepción, para vostede as familias numerosas vulnerables, tal como nós propuxemos, non é motivo de bonificación, esa non é un motivo e unha xustificación para facer unha bonificación? Para vostedes non é un motivo e unha aplicación dunha excepción as parcelas con excesivo desmonte tal como como propuñamos nós? Para vostedes non, non é motivo nin xustificación para facer bonificación, para vostedes non é un motivo e unha xustificación facer bonificacións a aquelas parcelas que non vaian a cumprir con mínimo do ancho de camiño público? Vostedes din non, pero vostedes creen que iso é serio e rigoroso? Que problema hai en incluír esas dúas categorías de coeficientes correctores, se vostedes dixeron non e logo veñen aquí a alardear de todas e cada unha das propostas, das cinco medidas. Oficina de información aos veciños por suposto que si, a puxo o goberno, pero os veciños a parte de ter a información o que queren e ter as bonificacións e non ver aplicado este catastrazo inxusto que vostedes non fixeron nada para impedi-lo. Vostedes din que acordaron o aprazamento por suposto que si, con este grupo que foi quen o propuxo e vostedes o trouxeron ao pleno, aí están os documentos presentados por rexistro e aprobado unanimemente. Vostedes din que acordaron e levaron a cabo o aprazamento dos atrasos en tres anualidades, por suposto que si, proposta deste grupo que vostedes trouxeron a pleno, aí están os documentos presentados por rexistro, os documentos presentados por rexistros nos avalan o que estamos dicindo. Deixémonos de quen o trouxo ou deixou de traelo, agora o importante, ten a día de hoxe o goberno notificación por escrito do ORAL de que van a vir os atrasos en tres anualidades e que non van a vir xuntos neste ano 2021? O teñen por escrito? Pois nós o que lle pedimos e que se apliquen o conto, que se poñan a traballar e esixan formalmente ao ORAL que lle dea esa contestación por escrito para que efectivamente os veciños vexan que os recibos dos atrasos veñen en tres anualidades diferentes e que non lle vaian a vir coa sorpresa nas próximas semanas, que non se cumpra o acordo plenario unánime e que os veciños vaian a ter os recibos dos atrasos todos xuntos. Polo tanto, lle esiximos ao goberno e á Alcaldesa como máximo representante que cumpra o acordo plenario e esixa o acordo dese pleno ao ORAL e que llo dean por escrito, logo non se boten as mans a cabeza e que os nosos veciños estean indefensos ante a inoperancia do goberno municipal, ogallá non teñamos que lamentarnos.

O que nós pedimos é algo sensato, realista e realizable, como vostede pode dicir que non se pode se é competencia plenaria? Si é competencia plenaria modificar a ordenanza do IBI dentro da Lei estatal, tanto no tipo a aplicar do 0,4 a 1,10 que é o



que nos permite a Lei estatal, como as bonificacións argumentadas en cuestións que quedan de manifesto no día de hoxe e en plenos anteriores. Miren o Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, xoves 26 de decembro do 2013, ao amparo do previsto no artigo 74.1 do texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aplicárase unha bonificación do 10% sobre a cota íntegra do imposto situadas en zonas do municipio que conforme ao planeamento urbanístico estean catalogadas como solo de núcleo rural, é dicir, o que estamos pedindo nos aquí, e sabe onde se aplica esta bonificación? No Concello veciño de Salvaterra do Miño.

Sra. Pereira González: Fixo unha comparación na súa primeira intervención entre o horario de pleno para poder asistir comparando co Consello de participación veciñal e a verdade creo que non son para comparar as obrigas que ten un concelleiro e unha concelleira, que ademais cobra pola asistencia ao pleno, coas obrigas das persoas que forman parte das asociacións de veciños que fan unha labor de voluntariado tanto na labores da asociación como asistindo a estas xuntanzas que dende o Concello se lle convocan, creo que son comparacións un pouco desafortunadas.

Facendo un resumo de porqué estamos nesta situación voulle volver a lembrar, temos unhas normas subsidiarias do ano 1997 aprobadas polo Partido Popular que contemplan moitísimos núcleos rurais, vostede estaba facendo agora unha comparación co Concello de Salvaterra pero é que a realidade urbanística do Concello de Salvaterra non é a mesma que a do Concello de Salceda, aquí estamos falando da totalidade do solo das parroquias na condición de urbano, temos unha Lei do catastro aprobada tamén polo Partido Popular que foi a que facultou á Dirección Xeral do Catastro a levar a cabo este proceso en Salceda e o goberno de Salceda é o único que non é responsable nin das normas subsidiarias, nin da Lei do Catastro, nin de que a Xerencia decidise levar a cabo este proceso. O goberno de Salceda o que fixo foi, dende o primeiro momento, traballar arreo e estar ao lado da veciñanza e ofrecerlle solucións, que moi ben as acabas de resumir, propostas deste goberno. Parece que o Partido Popular ten un interese tremendo en facer crer ou trasladarlle á veciñanza que son propostas do Partido Popular, moita necesidade ten de facerlle crer a veciñanza que están vostedes levando as iniciativas, cando as iniciativas e as propostas que se trouxeron a este pleno foron proposta do goberno. Cinco medidas que anunciamos no mes de febreiro e cinco medidas que se levaron a cabo e iso foi o que fixo o goberno.

En canto aos antecedentes que estivo lendo da baixada do tipo, si de verdade houberse un acordo plenario e o goberno non o cumprira a oposición ten medios e ferramentas para esixir o cumprimento, non terxiverse e non minta que é o que están facendo sistematicamente. Non se aprobou a baixada do tipo, non había informe nese expediente, aprobouse iniciar o expediente, non se aprobou a baixada do tipo, si se aprobara a baixada do tipo e o goberno non a executara vostedes como oposición tamén tiñan a responsabilidade de esixir ese cumprimento, pero é que non se aprobou a baixada do tipo. Igualmente terxiversan coas familias numerosas, coas



bonificación que vostedes propuñan, as familias numerosas xa teñen unha bonificación na Ordenanza fiscal e as parcelas con metros insuficientes para a edificabilidade, as parcelas con desmonte excesivo teñen un argumento pero xa lles dixen que as bonificacións deben ser unha excepción e non unha xeneralidade. Vostedes o que pretenden é incluílo todo e por iso nós decidimos apostar por dous criterios que son os que engloban o maior número de parcelas o que non se poden é incluílo todo igual como pretenden agora con este do 10%, incluír todo, as bonificacións son unha excepción.

Sra. Tourón Domínguez: En canto a cuestión de asistencia aos plenos, dende logo a intención para nada era entrar nas razóns internas do Partido Popular, faltaría máis, non teño esa pretensión nin como Alcaldesa nin como Concelleira, nin como persoa, si é verdade que non se pode comparar a labor das asociacións coa responsabilidade que ten cada Concelleiro ou Concelleira que forma parte dunha Corporación Municipal. Eu son nai, eu traballei fora, cerca, lonxe e intentei cumprir sempre coas obrigacións que o cargo me supoñía. Entendo que pode haber circunstancias puntais pero, volvo a repetir, non me falen de horarios pola mañá ou pola tarde porque non se celebrou un pleno completo, e volvo a insistir, a situación persoal de cada un para nada vou a entrar, nin é de interese desta sesión plenaria pero si a responsabilidade dos grupos municipais e de cada concelleiro ou concelleira e para nada comparable coas asociación que fan unha labor totalmente gratuíta en distintas áreas ou sectores.

Nos pide un acordo o ORAL por escrito, tiñamos un informe do ORAL por escrito no pleno do 30 de setembro que este equipo de goberno decidiu que, a pesar de que nos estaban dicindo que non podíamos bonificar tantas parcelas, que non era unha cuestión xeneralizada e a pesar de que eran de difícil aplicación e que teríamos que pasar certa información ao ORAL para poder aplicarse o pasamos igual, quero dicir, eu creo que hai que ser coherente co que se vai dicindo en cada momento, simplemente dicir que Salvaterra ten un 10% nestas parcelas, rectifico hai un Concello que ten o 10% nestas parcelas, Salvaterra ten o 10% nestas parcelas habería ver a que parcelas afectan, pregúntolle, Salvaterra bonifica o 90% daquelas parcelas que non cumpren as condicións de parcela mínima ou que non teñen inedificabilidade temporal? As comparacións hai que facelas completas.

Sr. Rodríguez Davila: Sei que molesta que durante estes meses este Grupo levaran iniciativas con propostas, efectivamente non fomos cambiando as diferentes propostas, fomos facendo alternativas ante a negativa do Goberno a aplicar as propostas que fixemos e seguiremolo facendo, ese é o noso deber, é a nosa obrigación e así o seguiremos facendo, defendendo aos veciños ante os seus intereses e tamén diante dun goberno que no é xusto con moitos deles.

Os nosos compañeiros que non asisten polo motivos que acabo de dicir non cobran por asistencia ao pleno, polo tanto axudamos tamén, xa que vostedes se queixaba



dos custe da celebración deste pleno, polo tanto coherencia. Non terxiverse, nós dicimos que lle pedimos a vostede que faga cumprir o acordo plenario respecto de solicitarlle ao ORAL que emita os recibos dos atrasos en diferentes anos, non estamos dicindo ao respecto do informe anterior, que por certo, sabe vostede que no informe do ORAL, de fai uns días, non cumpre coa nosa ponencia de valores porque os coeficientes “H” e “G” se referían á ponencia de valores do ano 1996 - 2000 e a nosa é do ano 1987, sabían iso? Aínda así o trouxeron a pleno, un día antes da celebración do pleno, increíble, pero é así, vostedes non se decatán con respecto do informe do ORAL porque fai un informe que non corresponde co noso Concello e vostedes o traen a pleno como si correspondera con noso Concello, é lamentable. Vostedes non len nin os papeis que traen a pleno.

O noso Grupo fixo unha política nos últimos meses e así o demostramos, non nos tiramos ao monte e non fixemos ruído na rúa, fíxemos propostas no Pleno, iniciativas, comisións, plenos extraordinarios e fomos nas últimas semanas a informarlle aos veciños de todas e de cada unha delas e do que o Goberno votou en contra, de esas bonificacións, de esas reducións e da maneira que actuou o Goberno nos últimos meses. Nós temos a conciencia tranquila en aras de axudar, de representar e de ser moderados nas propostas, cousa que vostedes estaría facendo a día de hoxe todo o contrario, estarían hoxe con camisetas en contra do catastrazo, con pancartas, con manifestacións, o que fixeron en outras lamentables situacións cando a competencia non é a uso, polo tanto a proposta é que se bonifique o 10% dos núcleos rurais do noso Concello para o ano que ven e seguintes a través da bonificación da Ordenanza municipal do IBI, estamos de acordo en axudar as parroquias en aplicarlle o 10% si ou non?

Sra. Castiñeira Alén: Bo día a todos e todas, veciñanza e compañeiros e compañeiras. Terceiro pleno solicitado polo Partido Popular de Salceda, terceiro pleno extraordinario nos que non asisten nin os concelleiros do Partido Popular de Salceda. Moito traballo dende marzo, moitas medidas das que levamos falado neste pleno. Hoxe acabo de escoitar ao portavoz do Partido Popular, a Santi, no seu discurso, que sempre prepara meticulosamente, gravando o seu vídeo para redes sociais e en todo o discurso, cargado de falsidades e de datos que non son reais, so estou de acordo nunha cousa, en que o rural carece de servizos, porque en Entenza e Soutelo seguimos agardando do compromiso da Xunta de Galicia de levar o saneamento as dúas parroquias, ou a mellora do transporte que tamén é outro compromiso e competencia da Xunta, así si que se mellora o rural portavoz do Partido Popular de Salceda. O Partido Popular de Salceda é o único responsable desta situación, o único. As normas subsidiarias do 1997 non foron aprobadas por este equipo de goberno, verdade Joaquín? Creo que o Partido Popular de Salceda tamén é responsable da non aprobación do PXOM do 2016. Creo que ultimamente se están arrependindo un pouquiño porque estano demostrando, iso de que é mellor un bo ataque que unha defensa, vostedes saben como meteron a pata nesa ocasión e agora o que fan é atacar con mensaxes totalmente deturpadas. Ese PXOM daba solución a parcelas que



hoxe traemos a este pleno, tomamos as medidas para dar solución a estas parcelas xa nas decisións tomadas con anterioridade. Lei do Catastro do 2015, tamén a aprobou Mariano Rajoy, non sei si o lembrades. Este goberno e este grupo o que trouxo foi rigor e seriedade para aprobar todas esas cinco medidas e faime moita graza que vostedes van polas parroquias dicindo que nós vamos a rebufo, é fácil, resulta que nós as medidas as propuxemos no pleno de febreiro, lembrámolas no pleno de marzo, vostedes sabían perfectamente cal era o libro de ruta porque nós somos xente transparente e xente seria e que traballa con informes técnicos solo se tiveron que sumar ao carro e poñelo nun escribiño, pero detrás diso hai traballo e xestión, traballo xestión e seriedade. Vostedes dedicáronse a outra cousa, a intentar facer política e ir polas parroquias, que por certo, creo que non lle está dando moi bo resultado visto a última xuntanza da feira.

Cinco medidas todas elas aplicadas, levadas a cabo con xestión e traballo e iso é o que temos que facer estar ao lado da veciñanza e non tratar de enganala.

Sra. Alcadesa: Só repetir as medidas que fixemos: oficina de información, aprazamento dos recibos para que non sexan todos os atrasos xuntos, diminución do tipo impositivo do 0,5 ao 0,4, exención daqueles recibos de menos de 7€, o 90% das bonificacións daquelas parcelas con inedificabilidade temporal o que non teñen a parcela mínima de 450 m² para edificación. Iso son as medidas reais que este equipo de goberno puxo enriba da mesa e que se aprobaron nas distintas sesións plenarias. Creo que este é un tema que debemos pechar, que se axudou por parte deste equipo de goberno e de toda a Corporación coa aprobación destes acordos á xente, veciños e veciñas afectadas, co cal hoxe creo que nos debemos sentir con esa responsabilidade de traballo feito, de xestión. Este equipo de goberno creo que realizou o traballo que debería facer, creo que é o momento de dicirle á veciñanza que estamos con todas elas e con todos eles, que se fixo neste procedemento simplificado todo o que se podía facer dende un Concello, todos sabemos que non é un momento axeitado para moitas familias pero que con estas bonificación e con estas exencións e con estas medidas aprobadas paliámos sobre todo a parte máis inxusta, que eran aquelas parcelas que non cumprían as condicións urbanísticas para edificar. Paso a ler a proposta de acordo que presentou o Partido Popular, seguinte:

“Iniciar os tramites para a Modificación da Ordenanza Municipal Reguladora do IBI, consistente en:

a. CREACION do Artigo 4 — EXENCIONS:

Os inmobles urbanos nos que resulte unha cota liquida inferior a 7 euros, así como o conxunto de inmobles artísticos dun mesmo suxeito pasivo nos que a cota agrupada sexa inferior a sete euros.

b. MODIFICACION do Artigo 3 (creación apartado 2)



Ao amparo do previsto no artigo 74.1 do TRLRFL, aplicarase unha bonificación do 10% da cota Integra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos situados en zonas do municipio que conforme o planeamento urbanístico, estean catalogadas como solo non urbanizable de núcleo rural. A presente bonificación aplicarase de oficio.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta presentada polo Partido Popular esta resulta rexeitada por **CATRO VOTOS A FAVOR (PP)** e **SETE VOTOS EN CONTRA (4 MS) (3 PSdeG)**.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE